

Consello Escolar Eleccións Para a renovación

¡PARTICIPA!

O Consello Escolar é o órgano de goberno colexiado representativo da comunidade educativa e exerce as súas funcións no respecto aos dereitos dos alumnos e os seus pais, profesores, persoal da administración e servizos, institución titular (LODE, 55-57/STC 77/85, II.21)

COMPOSICIÓN

Forman parte do consello escolar o director pedagóxico, que o preside; tres representantes da institución titular do centro designados pola mesma institución; catro representantes das nais/pais do alumnado, tres elixidos polas nais/pais en votación secreta e directa e un designado pola xunta da ANPA; dous representantes do alumnado a partir de 1º E.S.O. e un representante do persoal de administración e servizos, elixido en votación secreta e directa.

RENOVACIÓN PARCIAL

Segundo a Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG do 29 de setembro), corresponde elixir a dous representantes dos pais, dous representantes do profesorado, un representante dos alumnos da E.S.O. e un representante do persoal de administración e servizos.

O día 29 de outubro ás 13:30 horas na Aula de Tutorías, procederá ao sorteo público para a constitución da Xunta Electoral, que será a responsable de todo o proceso. A vindeira semana enviárolles o calendario a seguir no proceso electoral.

Os modelos para as candidaturas pódense recoller na secretaría

Un cordial saúdo

A Dirección